



CONVENIO PLURIANUAL DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DO CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA, A FUNDACIÓN PER AMOR A L'ART DE LA COMUNITAT VALENCIANA E O MUSEO UNIVERSIDADE DE NAVARRA PARA A EXHIBICIÓN NAS SÚAS SEDES DA EXPOSICIÓN *Bleda y Rosa. Geografía del Tiempo*.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura formalizou coa Fundación Per Amor a L'Art da Comunitat Valenciana e o Museo Universidade de Navarra o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Determinar as condicións de colaboración entre a Consellería, FPAA y MUN para a itinerancia e recepción nos seus respectivos centros (no caso da consellería o CGAC), da exposición comisariada por Nuria Enguita: *Bleda y Rosa. Geografía del Tiempo*.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

Que as tres partes, conscientes da importancia de achegar a cultura aos cidadáns, a través do desenvolvemento de actividades propias do seu ámbito de competencia, entre as cales figuran o fomento e desenvolvemento da cultura e promoción e divulgación de cuestións artísticas, científicas e técnicas, teñen un interese común e coincidente, considerando conveniente a colaboración entre as tres institucións para acoller nas súas sedes a exposición *Bleda y Rosa. Geografía del Tiempo* sobre o traballo fotográfico de María Bleda (Castellón, 1969) e Jose María Rosa (Albacete, 1970), por tratarse de artistas de gran relevancia a nivel internacional, que están presentes en museos e galerías de todo o mundo.

Dada a especificidade da exposición citada por ser deseñada, producida e adquirida na sede da FPAA e polo centro de Arte Bombas Gens e a exclusividade do obxecto do convenio, tanto a Consellería e o MUN están interesados en recibir nas súas sedes a citada exposición polo seu carácter único e singular.





Bombas Gens Centre d'Art, impulsado por FPAA, é un centro de arte, sen ánimo de lucro, destinado a exposicións temporais de arte moderna e contemporánea. Ten entre os seus fins, facilitar o acceso ao público en xeral da arte nas súas diferentes manifestacións, priorizando a pintura e a fotografía, organizando exposicións, intercambios de obras con fondos de outras fundacións ou entidades, e demais actividades que persigan o mesmo fin. Con este propósito incluíu na súa programación a exposición *Bleda y Rosa. Geografía del Tiempo*.

O MUN é un Centro da Universidade de Navarra, sen ánimo de lucro, no que se desenvolven actividades de investigación, docencia e outras de índole museística, que alberga exposicións pictóricas e fotográficas permanentes e/ou temporais.

Así mesmo, dado a exclusividade do obxecto do convenio e o carácter único da mostra, deseñada, producida e adquirida polo centro de Arte Bombas Gens, dependente da Fundación Per Amor A L'Art, o cal dispón dos dereitos necesarios para súa exhibición e sendo esta unha oportunidade única de ser exhibida en Galicia, non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións do mesmo, supoñendo un claro incremento do activo inmaterial intanxible da Comunidade Autónoma de Galicia como valor cultural, tal como sinala o Decreto 308/1989, de 28 de decembro polo que se crea o CCGAC.

Con esta colaboración, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria está a contribuír a facer visible a historia da arte contemporánea en Galicia, necesario coñecemento para un impulso da arte contemporánea entre a sociedade galega.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, aos efectos da súa remisión ao Rexistro de convenios, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela o 18 de decembro de 2017.

